

DECRETO DA ALCALDÍA 530/08

Expte. RE-152/2008; C-01/08

Antecedentes

- En data de 8/5/2008 iniciase expediente de contratación das obras incluídas no PPC – 2008 relativas á **AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NOS LUGARES DE A LAXE – ACUÑA (VILABOA), CANABAL (FIGUEIRIDO) E PAZOS (SAN ADRIÁN DE COBRES)** mediante procedemento negociado sen publicidade tramitación urxente.
- Mediante Decreto da Alcaldía 407/08, de 16/5/2008 aprobouse o expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación das obras de “**AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NOS LUGARES DE A LAXE – ACUÑA (VILABOA), CANABAL (FIGUEIRIDO) E PAZOS (SAN ADRIÁN DE COBRES)**”, correspondentes ao PPC-2008 por procedemento negociado sen publicidade, autorizando o gasto que supón a adxudicación do mesmo.
- En data de 19/5/2008 solicitáronse ofertas ás seguintes empresas:
 - Construcciones, Obras y Viales, S.A.
 - Excavaciones y construcciones Manuel Pérez Portela S.L.
 - Construcciones Vale S.L.
- En data de certificáronse as ofertas que constan no expediente.
- En data de 5/6/2008 constituíuse a Mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, e esta realizou proposta de adxudicación a favor de Excavaciones y construcciones Manuel Pérez Portela S.L., unha vez incorporado ao expediente o correspondente informe técnico de valoración das ofertas presentadas.
- En data de 6/6/2008, o órgano de contratación adxudicou provisionalmente a favor da empresa Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela S.L., o contrato de obras para **AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NOS LUGARES DE A LAXE – ACUÑA (VILABOA), CANABAL (FIGUEIRIDO) E PAZOS (SAN ADRIÁN DE COBRES)** polo prezo de 60.000 euros de acordo coas seguintes consideracións:

*“**PRIMEIRO.** Avocar as competencias delgadas na Xunta de Gobierno Local.*

***SEGUNDO.** Declarar válido o acto de licitación.*

***TERCEIRO.** Adxudicar provisionalmente o contrato de obra de “**AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NOS LUGARES DE A LAXE – ACUÑA (VILABOA), CANABAL (FIGUEIRIDO) E PAZOS (SAN ADRIÁN DE COBRES)**”, correspondentes ao PPC - 2008 por importe de 60.000 € e un prazo de execución dun mes, á empresa “**Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela S.L.**” de acordo co prego de cláusulas administrativas e demais condicións establecidas na súa oferta.*

***CARTO.** Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios do contrato.*

***QUINTO.** Notificar e requirir a “Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela S.L.”, adxudicatario provisional do contrato, para que constituía, dentro dos dez días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante do Concello de Vilaboa a garantía definitiva do contrato que ascende a 2520 € (dous mil quinientos vinte euros).*

SEXTO. *Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil de Contratante do Concello de Vilaboa.*

SETIMO *Ratificar este Decreto na próxima sesión da Xunta de Goberno Local.”*

- Visto que con data 6/6/2008, a adxudicación provisional notificouse a todos os candidatos e publicouse no Perfil de Contratante do órgano de contratación.

- Visto que a adxudicación provisional notificouse ao adxudicatario, requiríndolle para que presentara a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e constituíra a garantía definitiva.

- Visto que con data de 18/6/2008, o adxudicatario constituíu garantía definitiva por importe de euros 2520 €(dous mil quinientos vinte euros).e presentou os documentos xustificativos esixidos.

- Examinada a documentación que a acompaña, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

Segundo. Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras de **“AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NOS LUGARES DE A LAXE – ACUÑA (VILABOA), CANABAL (FIGUEIRIDO) E PAZOS (SAN ADRIÁN DE COBRES)”** en favor da empresa **Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela S.L.** aprobada por Resolución da Alcaldía de data 6/6/2008 e publicada no Perfil de Contratante coa mesma data.

Terceiro. Notificar a adxudicación definitiva aos candidatos que non resultaron adxudicatarios e autorizar a devolución da garantía provisional por eles prestada.

Carto. Notificar a adxudicatario do contrato a presente Resolución e requerirille para a sinatura do contrato.

Quinto Publicar a adxudicación definitiva do contrato no Perfil de contratante do Concello de Vilaboa.

Sexto. Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Director Facultativo das Obras e a súa posterior comunicación á autoridade laboral.

Sétimo. Ratificar este Decreto na próxima Xunta de Goberno Local

Vilaboa, 19 de xuño de 2008.
O Alcalde

Jose Luis Pouceiro Martínez